



Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de
Normalización da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.org
www.ctnl.org

VALORACIÓN DA CTNL DOS ORZAMENTOS DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA EN 2011

Os/as traballadores/as de normalización da lingua cualifican os orzamentos da Xunta para a política lingüística como “ridículos e insultantes”

- *O orzamento da Secretaría Xeral de Política Lingüística para 2011 redúcese máis do 40%, sobre unhas cantidades que xa eran moi baixas e que xa sufriron en 2010 unha redución de máis do 20%*
- *O goberno de Núñez Feijóo dedicaralle á lingua en 2011 a metade do que lle dedicaba o goberno de Fraga aló pola década dos 90*
- *Estes orzamentos significarán a paralización de proxectos de investigación e fomento da lingua, o peche de servizos de normalización lingüística, a redución de cursos e actividades e o despedimento de moito persoal investigador, traballadores/as de normalización, lectores/as, bolseiros/as, etc.*

[Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2010]

Os orzamentos que a Xunta lle dedicará á Política Lingüística en 2011 sofren un máis ca drástico recorte, superior ao 40% con respecto ao 2010, e chega a unha cantidade de menos da metade da dos orzamentos de hai 10 anos, o que desde a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) se considera un auténtico insulto á política lingüística, ao proceso de normalización e a todas as persoas e sectores implicados.

Desde a CTNL, entidade que agrupa a gran maioría de traballadores/as de normalización da lingua, considérase que é nas contas públicas onde mellor se reflicten as prioridades políticas de quen as elabora, polo que este proxecto de orzamentos demostra, unha vez máis, que o goberno da Xunta só está disposto a dar pasos atrás no proceso de normalización da lingua galega, incumprindo así os acordos aos que se chegou por unanimidade no Parlamento galego (Lei de normalización lingüística e Plan xeral de normalización da lingua galega), nos que se especifica que a normalización lingüística ten que ser un proceso progresivo, e en ningún caso regresivo.

Hai 10 anos a Xunta dedicáballe ao fomento do galego preto de 20 millóns de euros. O goberno de Feijóo, a metade

O proxecto de orzamentos presentado polo goberno galego reflicte que, mentres as contas xerais baixan con respecto a 2010 arredor do 10%, as dedicadas á lingua fan de xeito realmente drástico, e baixan máis do 40% sobre unhas cantidades que eran xa moi baixas e que xa sufriron en 2010 unha redución de máis do 20% con respecto a 2009. Así, en 2011 dedicaráselle á lingua máis de 6 millóns de euros menos que en 2010 e preto de 11 millóns de euros menos que, por exemplo, nos últimos orzamentos aprobados por Fraga en 2005.

Fortes recortes en todos os ámbitos: administración local, asociacións, ensino, difusión exterior, formación en lingua...

Todas as accións da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) sofren un importantísimo recorte. Así redúcese drasticamente as partidas para accións de promoción

da lingua desde asociacións sen ánimo de lucro (-45%) ou desde a administración local (-34%), para cursos e actividades de formación (-38%), para centros de estudos galegos no exterior (-42%), para estudos e traballos de investigación (-46%), para proxectos de fomento no ensino (-25%), etc.

Deste xeito, estes orzamentos significarán o peche de servizos de normalización lingüística, de lectorados, de proxectos de investigación e fomento da lingua, a redución de cursos e actividades e o despedimento de moito persoal investigador e de traballadores/as da lingua.

As contas confirman que a Rede de Dinamización Lingüística nace morta

Os orzamentos non lle dedican nin un só euro á Rede de Dinamización Lingüística, ese organismo do que a Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) publicou a orde de creación no mes de setembro e que supostamente quere impulsar e coordinar as accións normalizadoras desde os concellos. E, o que é aínda máis grave e máis significativo, as contas, ademais de non destinar nin un só euro a esa Rede, reducen de xeito drástico a partida económica para o fomento do galego desde os concellos que, con esta nova redución sumada á do ano anterior, xa deixa esa partida en menos da metade ca no ano 2009. Se en 2009 se lle dedicou a insuficiente cantidade de 801.708 €, en 2011 dedicaráselle 397.710 €.

Así, desde a CTNL, ademais de cualificar esa Rede como unha auténtica “chapuza” desde o punto de vista da planificación lingüística, preguntámoslle á SXPL “como pretenden crear unha Rede cos concellos sen dedicarlle un só euro e, ademais, obrigando a pechar –vía redución orzamentaria– servizos de normalización lingüística da administración local?”.

Perda de peso da política lingüística e incoherencias do secretario xeral

Desde a CTNL lembrámoslle ao secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, as recomendacións que incluía a Análise da acción de política lingüística da anterior lexislatura asinada, entre outras persoas, tamén por el, e presentada en febreiro de 2009 nos XI Encontros para a normalización lingüística do Consello da Cultura Galega. Entre esas recomendacións, dunhas delas dicían, textualmente:

- “A Xunta de Galicia ten que destinar máis recursos para a política lingüística. Consideramos que para a vindeira lexislatura se debería chegar a un mínimo do 0,3% do orzamento total da Xunta” (cando os de 2011 supoñen tan só o 0,09%, menos dun terzo do que Anxo Lorenzo recomendaba o ano pasado)
- “O Consorcio para a Planificación Lingüística faise cada vez máis necesario. Na vindeira lexislatura é imprescindible a súa constitución, con obxectivos normalizadores claros, con suficiente dotación orzamentaria, con suficientes recursos humanos multidisciplinares e cunha rede de centros territoriais distribuídos por todas as comarcas” (e non só non se crea un consorcio, senón que para a Rede de Dinamización Lingüística non se contempla nin dotación orzamentaria, nin recursos humanos, nin centros territoriais)

Por todos estes motivos, desde a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) pedimos unha rectificación por parte do goberno para que este proxecto de orzamentos sexa modificado no seu trámite parlamentario.

Cadro-resumo dos orzamentos para Política Lingüística en 2005, 2009, 2010 e 2011

Concepto	2005 PP	2009 PSOE-BNG	2010 PP	2011 PP	Diferenza 2011-2010
Normalización lingüística desde a administración local	751.266 €	801.708 €	(-24,83%) 602.668 €	397.710	-34%
Subvencións a empresas editoriais para proxectos en lingua galega	1.202.025 €	1.050.000 €	(-50%) 525.500 €	341.575	-35%
Bolsas no centro Ramón Piñeiro	454.064 €	548.106 €	(-23,4%) 420.000 €	222.400	-47,1%
Lectorados, centros de estudos galegos no exterior e convenios con universidades de fóra	810.227 €	1.092.900 €	(+14,6%) 1.252.704 €	721.347	-42,4%
Subvencións a asociacións sen fin de lucro para accións de promoción da lingua galega	997.090 €	1.200.000 €	(-25,4%) 895.000 €	491.737	-45,1%
Adquisicións e publicacións	-	-	1.350.000 €	150.000	-88,9%
Campañas de normalización	3.756.579 €	5.236.835 €	(-36,3%) 3.337.000 €	3.148.347	-5,7%
Estudos e traballos de investigación	907.043 €	1.281.461 €	(-27,4%) 931.000 €	503.600	-45,9%
Cursos e actividades de formación	1.492.430 €	2.633.200 €	(-25%) 1.975.000 €	1.220.000	-38,3%
Proxectos de fomento e formación dos centros educativos non universitarios	680.000 €	1.000.000 €	(-20%) 800.000 €	600.000	-25%
Convenios con medios de comunicación	6.400.000 €	3.087.200 €	(-28,7%) 2.200.200 €	800.000	-63,6%
Outros gastos (partidas de bens correntes e servizos, programas varios, mobiliario, publicacións, outros convenios, transferencias a outras entidades, etc.)	2.380.211 €	1.548.574 €	(-31,33%) 1.063.461 €	654.399	-38,5%
TOTAL	19.830.935	19.479.984	(-20,1%) 15.572.633	9.251.115	-40,6%

